



# Proxecto Lingüístico

2022-2026

# Raquel Camacho



XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA RAQUEL CAMACHO







## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	4
3. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG).....	5
4. LOCALIZACIÓN DO CENTRO.....	6
5. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	7
5.1. A contorna sociolingüística do centro.....	7
5.2. A situación lingüística do profesorado.....	9
5.3. A situación lingüística do alumnado.....	9
5.4. A situación lingüística do centro.....	10
5.5. Conclusión á análise sociolingüística do colexio.....	11
6. OBXECTIVOS.....	12
6.1. Obxectivos adecuados ao contorno sociolingüístico do centro.....	12
6.2. Obxectivos adecuados á situación do profesorado.....	12
6.3. Obxectivos adecuados á situación do alumnado.....	13
6.4. Obxectivos adecuados á situación lingüística do centro.....	14
7. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	15
7.1. Criterios a seguir á hora de elaborar as actividades.....	15
7.1.1. Implicación dos membros da comunidade no proxecto.....	15
7.1.2. A colaboración do EDLG cos outros órganos e equipos do centro.....	15
7.1.3. Colaboración con outras institucións, entidades e asociacións externas.....	15
7.1.4. Colaboración con outros centros educativos.....	16
7.1.5. Planificación de actividades plurianuais.....	16
7.1.6. Variedade na tipoloxía das actividades organizadas ao longo do curso.....	17
7.2. Actividades tipo para dinamización da lingua galega.....	17
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ETAPAS E ÁREAS.....	20
8.1. Educación Infantil.....	20
8.1.1. Uso das linguas na etapa.....	20
8.1.2. Criterios para determinar a lingua vehicular nas aulas da etapa.....	20
8.1.3. Actividades e estratexias para o uso da lingua vehicular da aula.....	21
8.1.4. Actividades e estratexias para o uso da lingua non vehicular da aula.....	21
8.2. Educación Primaria.....	22
8.3. Linguas que se deben empregar nas programacións.....	23
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO AO ALUMADO CON NEAE.....	24
10. CONCLUSIÓNS.....	25
11. ANEXOS.....	27
11.1. Anexo 1: Enquisa sobre o uso da lingua para as familias.....	27
11.2. Anexo 2: Enquisa sobre o uso da lingua para o profesorado e PAS.....	27



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
RAQUEL CAMACHO





## 1. INTRODUCCIÓN

De acordo co artigo 14º do **DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** (DOG do 25), cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu **Proxecto Lingüístico** cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de Educación Primaria (EP), Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato.
- b) En EP, ESO e Bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Nos centros que imparten Formación Profesional específica, Ensinanzas Artísticas e Deportivas, e Ensinanza de Persoas Adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Así mesmo, establece que este Proxecto Lingüístico será **redactado** por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas (ao ser un CEIP, o noso colexio non conta con estas figuras) e o **coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega**. Será **aprobado e avaliado** polo **consello escolar** do centro educativo.

Este proxecto remitiráselles **cada catro cursos escolares** aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a ese decreto e ao desenvolvemento da LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de educación (BOE do 4) e da LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10).

A anterior renovación do Proxecto Lingüístico data do ano 2018. Cumpríase, polo tanto, neste 2022, o cuarto curso do proxecto en vigor e resultaba necesario iniciar un **proceso de actualización**.



## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- LEI 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG do 14 de xullo).
- INSTRUMENTO de ratificación de la Carta Europea das Linguas Rexionais i ou Minoritarias feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 (BOE do 15 de setembro de 2001).
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25).
- INSTRUCIÓN do 31 de xullo de 2013 para a aplicación do DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26).

DOG



XUNTA  
DE GALICIA

DOG Núm. 97

Martes, 25 de maio de 2010

Páx. 9.242

### I. DISPOSICIÓN XERAIS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

**Ilustración 1: DECRETO 79/2010 para o plurilingüismo.**



### 3. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Para o presente curso, o **Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG)** está formalmente **constituído** polas seguintes persoas:

- |                                     |                                |
|-------------------------------------|--------------------------------|
| • El (coordinador)                  | Ramón París Lago               |
| • El                                | Patricia Abad Reino            |
| • LE: inglés (Internivel 1º-3º EP)  | María del Carmen López Rancaño |
| • 3º nivel EP (Internivel 4º-6º EP) | Alberto Patiño Varela          |
| • 5º nivel EP (Internivel 4º-6º EP) | Carmen Caamaño Ameijeiras      |
| • DO                                | Cecilia García Ares            |

O EDLG celebra as súas xuntanzas todos os primeiros luns de cada mes de 17 a 18 horas. De coincidir dito día en festivo, vacacións ou nunha data que, por calquera motivo, non se poida levar a cabo, realizarse a reunión o antes posible segundo horario a convir.




Ilustración 2: Logo do EDLG do colexio.



#### 4. LOCALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP Raquel Camacho é un centro de titularidade pública, pertence á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Situado no barrio da Agra do Orzán da cidade da Coruña, nunha zona escolar que comparte coa EEI Municipal Agra do Orzán e co IES Agra do Orzán, centro ao que está adscrito o alumnado do centro.

A zona de influencia forma un polígono case cadrado limitado por: San Pedro de Visma, rúa Manuel Murguía, Ronda de Nelle, Agra do Orzán e o polígono do Vento-rillo. Comparte zona co CEIP San Pedro de Visma, CEIP de Prácticas e CEIP María Barbeito.

O alumnado vive practicamente todo no barrio a excepción do alumnado transportado da zona dos Rosales.

Próximo ao recinto escolar atópase o Centro Ágora, un equipamento sociocultural municipal integrado que conta con unha grande cantidade e calidade de espazos e servizos.




Ilustración 3: O colexio en Google Maps.





## 5. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

A análise sociolingüística realizada no noso CEIP está baseada no contexto xeográfico e cultural onde se atopa o centro e nos datos que, durante anos anteriores, se foron conformando segundo as enquisas realizadas ás familias, alumnado e profesorado, por medio da observación participante e a entrevista aberta.

### 5.1. A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O concello caracterízase por ser castelanfalante. Segundo os datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2018, case un 20% das persoas enquisadas usa o galego sempre ou máis galego ca castelán no noso concello ([ver ligazón](#)). O galego, entón, atópase nunha posición de clara desvantaxe fronte ao castelán neste municipio.

Non obstante, nos últimos tempos, parece dárselle un pulo á nosa lingua. Dende hai uns anos, comezamos a recibir por parte do concello, tanto de xeito oral como escrito, comunicacións en lingua galega, situación que está sendo moi positiva e supón un chanzo cara a normalización do uso da nosa lingua nesta cidade.

O noso colexio está situado nun **barrio** do oeste da cidade (A Agra do Orzán na área de Mariñeiros) e, como noutros lugares da Coruña, **predomina o uso da lingua castelá**.

No mes de outubro de 2022, enviouse unha enquisa sociolingüística (Véxase [Anexo 1](#)) á todas as familias do centro. Contíña catro preguntas:

1. En que idioma se fala na casa?
2. En que idioma fala o neno/a?
3. Sabías que no colexio hai un equipo dedicado ao fomento da lingua galega?
4. Nomea algunhas actividades que coñezas organizadas por ese equipo.

O 80% das familias do centro contestaron as enquisas. De todas elas, na primeira pregunta, **máis da metade (65%) sinalaron que o español é a lingua que se fala na casa fronte ao 53% da enquisa de hai catro anos**. Afirmaron usar galego e castelán un 12% (en 2018, fora un 24%), outras linguas arredor dun 20% (antes un 22%) ou galego un 1,7% (antes un 2%).



### Reconto de En que idioma se fala na casa?




Gráfico 1: Enquisa ás familias.

Pola súa banda, o emprego do galego por parte da **ANPA** na actualidade está practicamente normalizado. Á diferenza de hai catro anos, a totalidade das comunicacións realízanse na nosa lingua.

Por último, nunha sondaxe realizada entre o PAS (igual á aplicada entre o profesorado) preguntábase o seguinte:

1. En que idioma falas habitualmente?
2. En que idioma falas habitualmente no colexio?

Nela, dous terzos do PAS utiliza as dúas linguas no colexio (igual ca hai catro anos).

### Reconto de En que idioma falas habitualmente no colexio?




Gráfico 2: Enquisa ao PAS.



### 5.2. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO

De acordo coas cifras obtidas na citada enquisa pasada a este colectivo, **máis dun terzo utiliza na súa vida cotiá as dúas linguas.**

Reconto de En que idioma falas habitualmente?




Gráfico 3: Enquisa ao profesorado.

E, no seu traballo no centro, **máis da metade fala indistintamente nas dúas linguas.**

Reconto de En que idioma falas habitualmente no colexio?




Gráfico 4: Enquisa ao profesorado.

### 5.3. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Durante estes últimos doce anos, contéplase como **descende o uso do galego**, pasando dun 25% de nenos/as galegofalantes ao actual 1,3%.



Reconto de En que idioma fala o neno/a?




Gráfico 5: Enquisa ás familias.

Como vemos no gráfico, **hoxe en día**, as familias afirman que practicamente **un 74% do alumnado usa o español** (hai catro anos era o 68%), un 6% (antes era o 15%) as dúas linguas, **tan só un 1,3% fala galego** (máis ou menos coma catro anos atrás) e o resto noutros idiomas.

No presente curso, un 73% do **alumnado de nova incorporación ten o castelán como lingua inicial**, fronte ao 16% do galego. O resto repártese entre aqueles cativos/as que aprenderon as dúas por igual ou se lles fala noutros idiomas (uolof, árabe, inglés, portugués).

Nas nosas aulas, hai unha alta porcentaxe de alumnado de **orixe estranxeira** que podería aprender as dúas linguas cooficiais ao mesmo tempo e co mesmo nivel de competencia lingüística. O alumnado migrante vai en aumento cada curso e a lingua falada no seu ámbito familiar adoita ser a/s propia/s do país de orixe. A competencia en galego deste alumnado, en principio, é moi escasa. Será, por tanto, na escola onde vaian progresivamente adquirindo o uso e coñecemento da nosa lingua.

Atendemos tamén no centro nenos/as de **grupos socialmente desfavorecidos** (etnia cigana, romanés...). O labor do centro, neste aspecto, deberá ir enfocado a non obviar ningunha das dúas linguas e traballar para que este alumnado adquira progresivamente as respectivas competencias lingüísticas.

#### 5.4. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

De acordo coa lexislación vixente, a documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas, nas comunicacións internas... **empregase, con carácter xeral, a lingua galega**. No caso do persoal non docente utilízanse de xeito indistinto as dúas linguas cooficiais.

Nas **interaccións comunitarias**, todos os escritos do centro, tanto oficiais como



extraoficiais, realízanse en lingua galega. Oralmente, téndese a mudar de código dependendo das persoas e das circunstancias. Os escritos dirixidos ao **concello** dende o centro realízanse en galego. Cómpre destacar tamén a presenza do galego nas actividades promovidas polo centro cultural Ágora, que o alumnado visita e co que realizamos diferentes actividades de maneira conxunta (por exemplo, o festival de fin de curso). Con respecto á colaboración con **entidades asociativas**, o uso do galego nas relacións que se manteñan con elas depende da asociación coa que se trate.

O colexio internamente artículase arredor dos seus correspondentes órganos de goberno, de coordinación docente e **equipos de dinamización**. Neste sentido, desde o equipo da biblioteca escolar (en diante, EBE), estase a realizar un esforzo para aumentar a dotación de fondos en galego existentes na biblioteca. Desde o equipo de dinamización das tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento (TAC), este curso, por exemplo, anovouse a páxina web do centro incorporando, entre outros, un espazo propio e visible dedicado ao EDLG.

#### **5.5. CONCLUSIÓN Á ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO COLEXIO**

Á luz dos datos achegados ata aquí, pódese afirmar que o noso centro, **o CEIP Raquel Camacho**, sito na cidade da Coruña, **atópase nunha contorna castelanfalante**.



## 6. OBXECTIVOS

A visibilidade das accións do EDLG pretenden ser o máis efectivas posíbeis. Trátase de que a comunidade educativa entenda que a escola debe transmitir a idea de que a lingua supón o noso primeiro sinal de identidade, que nos debe engrandecer e achegar; pór en valor e dignificar; e que, polo tanto, debemos **persuadir e animar a toda a comunidade educativa da importancia de usala**.

### 6.1. OBXECTIVOS ADECUADOS AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

- Potenciar o uso da lingua galega na súa vertente escrita e oral en toda a comunidade educativa.

*Transmitiremos respecto, agarimo, proximidade e amor pola lingua propia da nosa comunidade. Trataremos de desterrar, dentro das nosas limitacións, os prexuízos lingüísticos que poidan persistir no eido familiar do alumnado. Incidiremos na contorna do barrio na que se acha o colexio mediante carteis, notas informativas, revistas, xuntanzas, visitas, etc. Neste eido, a páxina web do centro (e, en concreto, o seu espazo dedicado ao EDLG) converterase nunha vía de comunicación privilexiada.*

- Implicar toda a comunidade educativa no cumprimento do Proxecto Lingüístico do centro.

*Contaremos coa totalidade dos membros da comunidade educativa integrándoos nas diferentes actividades previstas. Poremos énfase naquelas dirixidas ao alumnado sen descoñar as destinadas ao profesorado e ás familias. Ofreceremos asesoramento lingüístico a todos/as naquilo que for necesario (corrección de escritos, letreiros, consellos, recomendacións, lexislación vixente...).*

- Animar aqueles sectores máis reticentes coa execución ao longo do curso de propostas de apoio a lingua propia de Galicia.

*Potenciaremos o uso oral e escrito do galego, así como a realización de actividades arraigadas a nosa cultura á hora de programar, por exemplo, as actividades extraescolares que se levan a cabo a través da ANPA do centro.*

### 6.2. OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Motivar o profesorado para que desempeñe o seu quefacer docente en galego con vitalidade, convencemento e credibilidade.

*Animarase, en todo momento, os mestres/as do centro a utilizaren cada vez máis o galego nas súas relacións no ámbito escolar.*

- Asesorar a todo o profesorado naqueles aspectos de tipo lingüístico que precisaren.

*Terán a man (física ou electronicamente a través das TAC) un membro do EDLG para*



*aconsellar sobre o uso correcto da nosa lingua. No espazo web do EDLG do centro contarán con numerosos recursos para poderen consultar o que precisen (léxico, sinónimos, usos normativos...). Tratarase, por tanto, de aumentar a competencia lingüística entre o profesorado.*

- Informar de toda a lexislación existente sobre a nosa lingua e da convocatoria de cursos, seminarios, xornadas, bibliografía en distintos formatos, novidades en TAC, etc.

*A través do espazo do EDLG no taboleiro da sala de mestres/as, da páxina web do centro ou mesmo no grupo creado nas apps de mensaxería instantánea co persoal co colexio, transmitirase toda aquela información relevante neste aspecto.*

- Contribuír á perda dos prexuízos lingüísticos que puidese haber.

*Perante a presenza de estereotipos tradicionais contra a nosa lingua ou aqueles máis actuais (a creenza nalgúns sectores da imposición do galego), amosarase unha actitude de persuasión, argumentando en favor da defensa do noso idioma como valor fundamental. A actitude non consistirá en defender o galego contra nada, senón defendelo de seu. Valorarase, por suposto e como non podía ser doutro xeito, a riqueza lingüística de Galicia, con dúas linguas cooficiais.*

### **6.3. OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO**

- Potenciar a adquisición, dentro das posibilidades da EI, unha adecuada competencia nas dúas linguas oficiais, en especial, na competencia lingüística oral activa: na expresión.

*Organizaranse actividades que potencien o uso oral da lingua entre todos os nenos/as e tratarase de realizar as máis das actividades de lecer, complementarias e extraescolares en lingua galega.*

- Impulsar o dominio dun bilingüismo activo que lle permita ao alumnado utilizar con fluidez calquera das dúas linguas ao remate da EP.

*Proporanse actividades de motivación lectora en galego (contacontos, monicreques, teatro...; recomendacións de lectura; publicación de contidos nas revistas trimestrais do colexio; etc.).*

- Motivar o alumnado para que adquira unha actitude positiva cara ao galego.

*Resultará imprescindible que os cativos/as non galego falantes perdan o medo a expresárense na nosa lingua e que aqueles/as que a teñen como inicial poidan usala con normalidade nas situacións cotiás. Neste ámbito, cobrará unha especial relevancia o reforzo e a ensinanza individualizada ao alumnado proveniente do estranxeiro, a fin de apresurar a súa integración lingüística na nosa lingua.*



#### 6.4. OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Fomentar do uso da lingua galega nas actividades complementarias, extra-escolares e actos que o centro organice.

*Usarase, con carácter xeral, o galego en todas as actividades colectivas do centro.*

- Diseñar e aplicar as actividades programadas desde o EDLG en colaboración con outros equipos e órganos do centro.

*Na PXA do colexio, estarán previstas múltiples actividades que requirirán da coordinación entre os diferentes equipos do colexio.*

- Fomentar a lectura en galego en colaboración co Equipo da Biblioteca Escolar (EBE) do centro (Proxecto Lector).

*A biblioteca escolar está a ser dotada de máis exemplares en galego e publicará periodicamente, en colaboración co EDLG, recomendacións literarias dirixidas á comunidade educativa, en especial, ao alumnado.*

- Potenciar o emprego das TAC en lingua galega.

*Utilizarase como principal referente a páxina web do colexio para informar e impulsar numerosas ferramentas TAC (aplicacións, xogos didácticos, material audiovisual ou do proxecto E-Dixgal...).*

- Potenciar o contacto con diversos centros galegofalantes de diferentes puntos da nosa xeografía.

*Impulsaranse as relacións con centros que compartan formas de traballar en prol da lingua, desenvolvendo actividades conxuntas.*

- Contribuír á mellora lingüística da documentación oficial que se expida e aqueloutra que se espalle polas diferentes dependencias do centro.

*Prestarase apoio ao equipo directivo e aos demais órganos do centro para anovar os documentos do centro e axustalos, no caso de non estaren xa, á normativa do noso idioma.*

- Apoiar e colaborar con calquera iniciativa proveniente da comunidade educativa que intente facerse en lingua galega.

*Sumarémonos a calquera actividade que supoña un apoio explícito á lingua galega.*





## 7. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 7.1. CRITERIOS A SEGUIR Á HORA DE ELABORAR AS ACTIVIDADES

#### 7.1.1. IMPLICACIÓN DOS MEMBROS DA COMUNIDADE NO PROXECTO

No proxecto do EDLG contarase coa implicación e participación dos diferentes membros, como ben se recolle no cadro das actividades: os pais/nais; a asociación de nais e pais dos alumnos/as, ANPA; os mestres/as compoñentes dos distintos niveis, ciclos, etapas, equipos e os diferentes especialistas; o persoal de administración e servizos...

#### 7.1.2. A COLABORACIÓN DO EDLG COS OUTROS ÓRGANOS E EQUIPOS DO CENTRO

Para a realización das actividades programadas, o EDLG, en consonancia co Proxecto Educativo do centro, procurará a incorporación das TAC. O EDLG asesorará e colaborará na confección e actualización de todos os documentos que se elaboran nos distintos formatos aplicando as TAC no centro: web dinámica, encerado dixital interactivo (EDI), confección de presentación de diapositivas en Microsoft Power Point ou LibreOffice Impress, creación de material en ferramentas de autor/a (LIM), utilización de canón proxector, elaboración de blogs, creación de titoriais explicativos...

O EDLG fomentará a galeguización das ferramentas TAC (Windows en galego, software libre galeguizado e uso de programas e ferramentas que utilicen a nosa lingua como plataforma de traballo). Así mesmo, fomentará a potenciación e utilización por parte do profesorado e do alumnado dos recursos e materiais informáticos cos que conta o centro.

Outra colaboración estreita manterana o EBE e o EDLG. Para aumentar a coordinación nas propostas da biblioteca, o coordinador participará, sempre que sexa posible, nas xuntanzas do EBE. O traballo conxunto de ambos equipos abrangue o mantemento dos blogs, a publicación da revista dixital e os seus correspondentes adiantos...

#### 7.1.3. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS, ENTIDADES E ASOCIACIÓNS EXTERNAS

Dende o centro educativo procuraremos colaborar con outras institucións, entidades e asociacións participando nas distintas campañas e actividades que promoven a potenciación e o uso da lingua galega fóra do ámbito educativo.

Entre outras asociacións:

- Manterase contacto periódico coa coordinadora provincial dos EDLG e co asesor de lingua galega do CFR.



- Participación en actividades que fomentan o uso do galego promovidas dende as asociacións de veciños do barrio ou promovidas dende o noso centro, coa Asociación de Veciños Mariñeiros-Peruleiro e a Asociación de Veciños do Agra do Orzán.
- Desenvolvemento e posta en valor das actividades programadas desde o Seminario Galego para a Paz.
- Participación na Mostra de Teatro Escolar promovido polo Concello da Coruña e nos ciclos de teatro desenvolvidos no Fórum Metropolitano da Coruña.
- Asistencia aos concertos fóra do centro e a outras actividades que promovan a cultura e a Lingua.
- Colaboración e participación nas actividades promovidas polas distintas concellarías da Coruña no fomento da lingua e cultura galega.
- Participación nas actividades do centro sociocultural Ágora, sito na nosa contorna, con actividades de contacontos, coñecemento das dependencias do mesmo, empréstamo de libros e roteiros polo barrio entre outras.
- Actividades de teatro con centros de atención especializada, ASPANAES...
- Actividades con outro tipo de organizacións: supermercados Gadis e Eroski, La Voz de Galicia, MUNCYT, Museo de Belas Artes, Fundación Luís Seoane, Fundación María José Jove...

#### 7.1.4. COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS

Intercambios de experiencias normalizadoras con outros centros da cidade ou da provincia para a difusión de iniciativas e actividades desenvolvidas aos efectos de compartir e enriquecernos mutuamente.

Proxectos de colaboración con outros colexios europeos a través da plataforma E-Twinning.

Intercambio de materiais elaborados ao longo do curso escolar para fomentar o coñecemento do traballo realizado: revistas, almanaques, felicitacións, marcadores de páxinas, adhesivos, dípticos/trípticos, exposicións, así como na elaboración do proxecto Lingüístico.

#### 7.1.5. PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES PLURIANUAIS

Deberanse planificar actividades plurianuais, é dicir, actividades que, polo seu éxito e arraigamento, repétiranse ano tras ano.



### 7.1.6. VARIEDADE NA TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO LONGO DO CURSO.

Contaremos cunha gran escolma de actividades que recollerán as celebracións e as festas máis tradicionais, como no cadro de actividades se relata, exemplo delas son: O Magosto, O Samaín, O Apalpador, O Nadal, O Entroido e O Meco, cantigas en galego, O Día das Letras Galegas, receitas das nosas festas, sementando tradición...

Traballarase a escrita na revista e nos folletos trimestrais, nas súas edicións dixital e impresa: invención de historias das obras de arte, receitas, cartaces das diferentes conmemoracións, revista dixital e en papel, folletos trimestrais, relato curto, poesía, cómic, dicionario visual...

O uso das TAC estará sempre presente, na procura de información, nas actividades dos diferentes *blogs* que están enlazados á páxina web do centro, revista dixital, videoconferencias, Proxecto E-Dixgal...

### 7.2. ACTIVIDADES TIPO PARA DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

De acordo cos criterios dados, de seguido, amósase unha relación de **exemplos de actividades** para mellorar a presenza e uso do galego no colexio. Serán unha guía para poder elaborar, cada curso, a concreción anual do presente proxecto.

1. Entradas e saídas do centro musicadas.
2. Campaña de felicitación e parabéns en galego na celebración da festa de aniversario.
3. Edición dun almanaque escolar en galego.
4. Contacontos en institucións do contorno.
5. Panel de rutinas e merendas de E. Infantil en galego.
6. Palabras/frases en galego agochadas no recreo.
7. Proxecto "Un camiño de ida e volta" no marco de Voz Natura.
8. Renovación do Proxecto Lingüístico.
9. Magosto.
10. Samaín.
11. O Samaín Rebuldeiro.
12. Receitas tradicionais de tempada.
13. Día da Ciencia en Galego.
14. Participación no concurso de relato oral "Tíralle da lingua".



15. Participación no concurso "Olla a palabra do día".
16. Participación no programa Polos creativos (estudo de gravación de vídeo).
17. O Apalpador.
18. Conmemoración do Día Universal dos Dereitos Humanos.
19. Participación na votación da Palabra do ano en galego.
20. Concurso oral de chistes en galego "Faime rir".
21. Campañas de promoción da lectura e exposicións na biblioteca.
22. Proxecto anual da biblioteca.
23. Festexo do Día Escolar da Paz e da Non Violencia.
24. Participación na convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística.
25. Entroido.
26. Festival de Entroido da ANPA.
27. Día de Rosalía.
28. Xornada de portas abertas e visitas guiadas.
29. Folleto "CEIP Raquel Camacho. O Noso Viveiro 2.0. Express".
30. Revista "CEIP Raquel Camacho. O Noso Viveiro 2.0".
31. Promoción dos exemplares antigos da revista "O Noso Viveiro".
32. Lendo e facendo lenda.
33. Dixitalización de publicacións históricas publicadas polo EDLG.
34. Orlas do alumnado de 6º de EP.
35. Sesións de monicreques.
36. Proxectos na plataforma europea E-Twinning.
37. Celebración do Día do Libro.
38. Entrevista ao vivo cun autor/a de literatura infantil e/ou xuvenil.
39. Semana das Letras Galegas.
40. Visitas ao centro sociocultural Ágora.
41. Relato curto, poesía e banda deseñada.
42. Saídas educativas e obradoiros variados.



43. Participación no anual Festival da Asociación Veciñal do barrio da Agra do Orzán.
44. Mantemento da páxina oficial do centro.
45. Difusión de tutoriais explicativos para que o profesorado e o PAS poida subir contidos á web dinámica do centro.
46. Mantemento da sección do EDLG na web do colexio.
47. Mantemento da sección da ANPA na web dinámica do colexio.
48. Mantemento dos perfís do centro en redes sociais.
49. Mantemento dos blogs do EBE.
50. Teatro.
51. Participación en campañas institucionais en galego.
52. Festas de fin de curso.
53. BookTubers desde o Raquel Camacho.
54. Lista de reprodución Encontros con escritores e escritoras no Raquel Camacho.
55. Participación no Día MUS-E Galicia.
56. Uso de códigos QR.
57. Utilización da aplicación AbalarMóbil para a comunicación coas familias.



Ilustración 4: Gañadora do concurso das LLGG.



## 8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ETAPAS E ÁREAS

### 8.1. EDUCACIÓN INFANTIL

#### 8.1.1. USO DAS LINGUAS NA ETAPA

O DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece que, na etapa de EI, o profesorado **usará na aula a lingua materna<sup>1</sup> predominante entre o alumnado**, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e **procurará que o alumnado adquira**, de forma oral e escrita, **o coñecemento da outra lingua oficial** de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

Pola súa parte, DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia determina como un dos contidos da área Comunicación e Representación da Realidade no segundo ciclo *A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma*, dentro do bloque 2: As linguas e os seus falantes.

Ese mesmo currículo, dentro das súas orientacións pedagóxicas, destaca a importancia do uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións como medio para garantir o seu coñecemento práctico e axeitado ao remate do ensino obrigatorio.

#### 8.1.2. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA VEHICULAR NAS AULAS DA ETAPA

A INSTRUCCIÓN do 31 de xullo de 2013 para a aplicación do DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo dispón que **a lingua materna ou inicial predominante** na etapa de EI **deberá determinala o centro educativo** no seu Proxecto Lingüístico.

Anualmente, no mes de setembro, establecerase a **lingua vehicular<sup>2</sup>** de cada aula de acordo cos seguintes **parámetros**:

- a) **Resultado da pregunta ás familias** (pais, nais, titores/as ou representantes legais) de cada alumno ou alumna antes do comezo do curso escolar acerca da súa lingua materna. Os datos inclúiranse no correspondente apartado da Programación Xeral Anual dese ano académico.
- b) **Resultados da avaliación inicial** redactados no correspondente informe de acordo coa ORDE do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da EI na Comunidade Au-

1 A Real Academia Galega define lingua materna o primeiro idioma que se aprende a falar na nenez.

2 A Real Academia Galega define lingua vehicular como o idioma utilizado nunha determinada situación comunicativa, neste caso, na aula.



tónoma de Galicia.

- c) **Realidade sociolingüística** do contorno próximo (zona de influencia do colexio) e amplo (cidade da Coruña) do colexio, de acordo cos datos ofrecidos no presente Proxecto Lingüístico. Constátase, neste sentido, unha **presenza maioritaria do castelán**.

### 8.1.3. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS PARA O USO DA LINGUA VEHICULAR DA AULA

Neste sentido, partirase dun **principio esencial**: atender de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna. Ao mesmo tempo, traballarase a lingua vehicular na aula con diferentes **recursos** (poesías, trabalinguas, adiviñas, técnicas de creación de contos...) e, ademais, realizaranse actividades para o desenvolvemento de todos os aspectos da linguaxe no **ámbito oral**:

- **Fonolóxico**: xogos de discriminación auditiva e motricidade bucofacial.
- **Semántico**: describir imaxes, bits de vocabulario, escoitar e narrar contos, etc.
- **Sintáctico**: interpretación e construción de frases con pictogramas...
- **Pragmático**: exercicios nos que haxa que pedir, comunicar sentimentos, preguntar e informar (diálogos na asemblea, p.e.).

E tamén no **ámbito escrito**:

- **Grafomotricidade**: realizando diferentes tipos de trazos dun xeito contextualizado e funcional.
- **Achegamento á lectura e á escritura**: recoñecendo letras, practicando a súa grafía ou descifrando frases con pictogramas en contextos significativos e funcionais.

### 8.1.4. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS PARA O USO DA LINGUA NON VEHICULAR DA AULA

A citada INSTRUCIÓN do 31 de xullo de 2013 exige a garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas. Por iso, xunto con actividades como as citadas no anterior subapartado, usarase na aula a lingua non vehicular, cando menos, nos seguintes **momentos significativos**:

- Panel de rutinas da asemblea diaria.
- Aperitivo de media mañá.
- Actividades do profesorado de apoio de Educación Infantil: psicomotricidade, achegamento á literatura...



## 8.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

O DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia dispón que se garantirá a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia e que as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase **en galego** a materia de **Ciencias da natureza e Ciencias sociais** e **en castelán** a materia de **Matemáticas**.

A área de Lingua galega e literatura terá un **tratamento análogo** á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. Garantirase, igualmente, que as materias en galego e en castelán se distribúan na **mesma porcentaxe de horas semanais**, sen prexuízo do horario das materias de lingua estranxeira.

**O alumnado empregará, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo.** Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.

O DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia dispón que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. **No Proxecto Lingüístico do centro, concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas.** Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

No noso colexio, o reparto no uso das linguas a través das diferentes materias responderá a seguinte distribución:

- **Castelán:** Matemáticas, Lingua castelá e literatura, Educación física e Religión.
- **Galego:** Lingua galega e literatura, Educación Artística, Ciencias da natureza, Ciencias sociais e Valores sociais e cívicos.





- **Inglés:** Primeira lingua estranxeira.

Ademais, nos niveis de 5º e 6º existen as seccións bilingües e impártese a Educación Artística (plástica) en inglés.

### ***8.3. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS***

Segundo se dispón no DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, **na lingua respectiva**.



## 9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO AO ALUMADO CON NEAE

Cada situación deberá ser analizada e tratada singularmente, tomando as medidas axeitadas unha vez que se teña estudado cada unha e tendo en conta o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Mais, xeneralizando, cada titoría establecerá o alumnado que necesitase apoio ou reforzo segundo as súas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):

- Necesidades educativas especiais (NEE).
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Este alumnado será valorado polo Departamento de orientación, quen avaliará a problemática existente e propondrá as medidas axeitadas para establecer o tipo de apoio ou reforzo que necesitaren. Entre elas pódense citar as seguintes:

- Inmersión lingüística.
- Actividades individuais de lectoescritura.
- Actividades de reforzo segundo a deficiencia lingüística detectada.
- Inclusión en grupo de adquisición de linguas.
- Colaboración coas familias.
- Etc.

A escolarización de nenos e nenas de familias migrantes medrou de xeito significativo; e segue a medrar. Son nenos e nenas con identidades lingüísticas e etnias moi diversas, en moitos casos, descoñecidas para o profesorado. Mais iso non debe impedir o pleno desenvolvemento das súas particularidades.

Programaranse modelos de ensino que propicien a non discriminación lingüística das minorías e que, á súa vez, favorezan novas formas de convivencia nun escenario escolar plurilingüe. Débese ter en conta a heteroxeneidade lingüística do alumnado e, por iso, fomentárase a **sensibilización simbólica das linguas do alumnado estranxeiro** no escenario escolar con actitudes positivas e medidas apropiadas segundo os distintos casos.



## 10. CONCLUSIÓNS

Neste proxecto, pódense apreciar **actividades completamente innovadoras**, alén dunha gran variedade de actividades encamiñadas á aprendizaxe da lingua e cultura dun **xeito dinámico, lúdico e de calidade**. Atendendo deste xeito a todos os obxectivos fixados despois de facer o pertinente estudo sociolingüístico.

A dinamización do centro é completa, xa que se conta cunha **gran coordinación**, participando todo equipo de profesionais nas actividades de maneira moi activa e concienciándose do uso do galego nas diferentes actividades propostas (pódese comprobar no cadro de actividades).

Todo o traballo do EDLG estará orientado sempre a que o noso alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa se conciencien e motiven para que cheguen a empregar como **lingua habitual o galego** tanto nas súas relacións internas como externas.

O EDLG **analizará**, ao finalizar cada unha destas actividades, **os resultados** obtidos, como tamén levará a cabo, ao rematar o curso, unha avaliación do estado da situación lingüística do centro.



O presente proxecto **entrará en vigor no curso 2022/2023** e será de aplicación no 2023/2024, 2024/2025 e 2025/2026, no que se deberá comezar un novo período de actualización.

A directora

Rosa María Mosteiro Neira

A xefa de estudos

Mª de los Ángeles Roca Lo-  
deiro

A secretaria

Mª Carmen Ouro Souza

O coordinador do  
EDLG

Ramón París Lago

A Coruña, 7 de novembro de 2022.



## 11. ANEXOS

### 11.1. ANEXO 1: ENQUISA SOBRE O USO DA LINGUA PARA AS FAMILIAS

Por favor, marca cun X o recadro que corresponda e entrégalla ao titor/a antes do XX.

*Por favor, marca con una X el recuadro que corresponda y entrégasela al tutor/a antes del XX.*

Educación Infantil.

Educación Primaria.

1. En que idioma se fala na casa?/*¿En qué idioma se habla en casa?*

Español. Galego. Os dous idiomas. Outros. Cal/es?:

2. En que idioma fala o neno/a?/*¿En qué idioma habla en niño/a?*

Español. Galego. Os dous idiomas. Outros. Cal/es?:

3. Sabías que no colexio hai un equipo dedicado ao fomento da lingua galega?/*¿Sabías que en el colegio hay un equipo dedicado al fomento de la lengua gallega?*

Si. Non.

4. Nomea algunhas actividades que coñezas organizadas por ese equipo./*Nombra algunas de las actividades que conozcas organizadas por ese equipo.*

Grazas pola túa colaboración.

### 11.2. ANEXO 2: ENQUISA SOBRE O USO DA LINGUA PARA O PROFESORADO E PAS

Por favor, marca cun X o recadro que corresponda antes do XX.

1. En que idioma falas habitualmente?

Español. Galego. Os dous idiomas. Outros. Cal/es?:

2. En que idioma falas habitualmente no colexio?

Español. Galego. Os dous idiomas. Outros. Cal/es?:

Grazas pola túa colaboración.



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
RAQUEL CAMACHO

